



Im Wagen:
Du wirst viele Freunde finden und wer weiß, vielleicht kennst du ein Mädchen!?

SO EIN QUATSCH!!

DAS INTERESSIERT MICH NICHT

Tante!!

Wow Tante, ich liebe dein Haus!

Oh nein, ich komme zu spät!


Fast...

er aus dem Flugzeug sieht ist... Er muss nach Berlin fliegen... in der Kunst der Kunst Berlin zu studieren ist das passiert?

nos ha hablado de una perfecta para ti en Alemania...



zwei Monate früher...



endete es hier am Flughafen:



Hast du gegessen?

Morgen um acht Uhr musst du die Universität besuchen um Orientierung zu erhalten.

Ja, Tante!

Ernsthaft? Komm, wir zusammen...

Nächster hat Bundesstraße

IV EDICIÓN CONCURSO DE CÓMIC EN LINGUA ALEMÁN



BASES

1/ Participantes e categorías: O concurso vai dirixido a alumnado de ESO que curse alemán en centros de ensino reglado que imparten esta lingua en Galicia, tanto do ámbito público (IES, CPI, EOI) como privado. Establécense dúas categorías:

- 1º e 2º curso de ESO

- 3º e 4º curso de ESO

2/ Obra: Seleccionarase por cada categoría un traballo que pode ser individual ou en parellas, onde as persoas participantes presentarán un cómic orixinal inédito.

3/ Tema e técnica: O traballo será de tema libre, se ben o eixe central estará relacionado coa cultura dos países de fala alemá e redactado en lingua alemá, en formato DinA3 por unha soa cara, en branco e negro ou cor, de técnica libre e cun mínimo de 6 viñetas ou 60 palabras.

Non se aceptarán obras que fomenten a discriminación por razón de nacemento, raza, xénero, sexo, relixión, violencia, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin a presenza de marcas comerciais de ningún tipo no contido.

A organización reserva o dereito de non admitir a concurso as obras que non cumpran as condicións técnicas, artísticas ou legais esixidas nas presentes Bases.

4/ Xurado: Estará composto pola Xunta Directiva da AGX, salvo no caso de conflito de intereses.

5/ Recepción de propostas: Admitiranse traballos en formato dixital enviados ao enderezo de correo electrónico da Asociación Galega de Xermanistas infoagx@gmail.com.

Solicítase o envío coa seguinte información:

- Título da obra, nomes dos participantes, idade e centro de estudos, correo electrónico do profesorado encargado ou persoa coordinadora da actividade.
- Imaxe escaneada en formato JPG, cun peso máximo de 150 KB.

O prazo de recepción de traballos finaliza o 28 de febreiro de 2025.

6/ Premio: Establécese un premio por categoría, que consistirá na entrega de material en lingua alemá ou de autores de lingua alemá.

7/ Comunicación dos traballos premiados: Será por correo electrónico a través do profesorado ou da coordinación da actividade no centro de ensino. Publicarase ademais a listaxe de traballos premiados na páxina web e nas redes sociais da AGX.

8/ Difusión: Todas as obras poderán participar nunha exposición dixital na páxina web e nas redes sociais da AGX. A asociación reserva o dereito de expoñer as obras participantes, polo que se concede o uso das imaxes pola Asociación Galega de Xermanistas para a súa exposición pública.

9/ Aceptación das bases: A presentación da solicitude de participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases e da interpretación que das mesmas faga o Xurado convocado para ese efecto, cuxa decisión será inapelable.

De acordo co disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, conforme o Regulamento 2016/679/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RGPD), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (art. 5.1 do Regulamento 2016/679/UE), informamos que ao enviar os datos requiridos para a participación, as persoas participantes dan o consentimento á Asociación Galega de Xermanistas para tratar os seus datos persoais co único fin de xestionar a solicitude. Os datos non serán cedidos ou comunicados a terceiros, salvo obriga legal.

As persoas participantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, así como os demais dereitos recolleitos na normativa de protección de datos persoais mediante solicitude dirixida por escrito ao delegado de protección de datos da AGX ou no correo electrónico agxdirectiva@gmail.com, acompañando a petición dun documento que acredite a súa identidade. Tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control española (www.aepd.es) se consideran que o tratamento non se axusta á lexislación vixente.